

## Francesc Serés

### O imaxinario na literatura actual

O texto que ides ler é o epílogo do meu último libro, Els camps de força, un conxunto de reportaxes, entrevistas e crónicas que, a través da inmigración que chegou ás bisbarras do Baix Cinca e do Baix Segrià, achega a narración aos últimos vintecinco anos da historia destas dúas comarcas e, por extensión, a Catalunya. O libro, case rematado, pecha o ciclo que comezou con La força de la gravetat e que continúa con La matèria primera.

### LIMIAR PERSOAL EN FORMA DE EPÍLOGO LITERARIO

Até agora non fixen máis nada que escribir sobre nós.

Dígoo sen afectación nin mágoa, é ben posíbel que non saiba escribir sobre case nada máis, que non me interesen outros temas ou, o máis probábel, que non saiba dabondo para tratar eidos que, arestora, fican moi lonxe de min. Eu vivín todo o que narrei.

Cando dei rematada a triloxía, para afastarme algo dela, dediquei un ano e medio a imitar outros narradores doutras literaturas. Situaba os contos e relatos que escribía nun país que para min é case irreal: Rusia. A Rusia imperial dos Gógol e Puixkin, a Rusia da revolución dos Txekhov e Babel, Siberia, a Rusia cósmica, os anos da perestroika, a Rusia dos últimos anos... Nunca estiven aló, en Rusia. Que escenarios tan afastados ! a Txetxenia de Khadjí-Murat, a Ucraína dos Turbin...e con todo, á vez, tan próximo: en realidade, falaba de alá pero estaba a falar de aquí. A liña dos argumentos empezaba a virar e todos os que os leron atopan coincidencias que modifican aquela Rusia imposible até encaixala en Catalunya. Talvez é que xa sabía que non ía marchar e que, polo tanto, tiña que cambiar tanto como puidese os temas, os argumentos, o estilo, os rexistros, o ton, o sentido...

Volvo ao principio. Unha vez e outra vez, este sexto libro, que pecha o segundo ciclo iniciado con La força de la gravetat e que continua con La matèria primera, fala tamén do meu país. E volvo a el. Rematadas estas páxinas, volvo a escribir, agora sobre Muntaner e Lull, sobre Verntallat... Por que? Coido que é preciso. Ás veces tamén teño dúbidas pero, coma sempre, non dou sabido se lle fai ningunha falta a quen le ou simplemente é a min a quen me presta. Non, non é falta de seguridade no que fago, podo responder de todo o que escribo, niso teño unha convicción absoluta. Vexo o país enorme, que non se pode abranguer polo de agora, profundísimo, cando ollo cara abaixo e vou mergullándome nos anos, nos séculos... Teño a sensación de andar por unha terra fértil, ubérrima, ríos caudalosos, niveis freáticos altísimos que só cómpre rabuñar para que xurdan sen parar, pozos sen fondo, milleiros de recunchos que aínda podo descubrir.

Hainos que me din que claro que mo parece, que merco mapas de escala 1:5000 de lugares que non lle importan a ninguén, que en realidade o país é moi pequeno e que son eu quen o vexo grande, porén iso é mentira porque esteas onde esteas en tres horas de coche xa estás noutro lugar e que eu son un escritor hipermétrope. É posíbel -preciso- que nestes proxectos haxa unha parte de teima, de interese persoal, de egoísmo, malia iso o certo é que a realidade que nos dá esta terra toda é moi complexa e moi variada, que todo medra sen parar e pide unha atención e unha concentración feitas de constancia e forza. Non hai seca, hai minas de auga por todo, e a realidade ( atención: a miña, a nosa, a compartida) está preñada, chea, ás veces mesmo vólvese aceda de tan pouco como ten sangrado. E tamén resulta certo que hai discontinuidades, pero non o é menos que á forza de describir as interrupcións sen atender ás liñas de continuidade, pensamos que a herba non deixaba ver os camiños, cando só era iso, herba de folla ampla que é doado de cortar: por baixo, o paso que rodea as lagoas e as interrupcións dos anos e, un pouco máis lonxe, os lugares. Moitas veces, mesmo demais, o problema non é do país, senón de quen non quixo recoñecelo, de quen o ten falseado, de quen o caricaturizou até convertelo en irrecoñecíbel.

Non hai niso mérito ningún. Se non me movín de aquí foi por pura necesidade, porque, arestora, non teño nada que dicir de ningún outro lugar, non sei nada sobre os campus das universidades americanas, nin dos dilemas que provocan traumas estéticos a violinistas e a

pintores, nin do glamour das xuntanzas de negocios e de sexo por Europa. Os temas que me tocaría ter por xeración non me interesan, abúrrenme os non-lugares, as sofisticacións tecnolóxicas, os ultimísimos achados posmodernos, a memoria histórica... Non me foi preciso saír de aquí, e iso ten algunhas consecuencias, os adxectivos...

Os adxectivos...Hai pouco, a correspondente en Barcelona da Erste Radio, a radio pública alemá fíxome unha entrevista da cal as tres cuartas partes resultaron ser a xustificación de por que falaba do país. Era o único escritor que entrevistara que era monolingüe (monolingüe catalán, claro), que falaba do país na lingua de seu e xa que logo o único que tivera que xustificarse por iso. A normalidade, para a correspondente era a literatura en castelán, mesmo con todos os tópicos cos que a queirades adxectivar, aberta, cosmopolita, dialogante, arriscada, culturalmente avanzada...Na outra beira, eu, a cota que lle equilibraba a balanza, que escribía e, aínda máis, pensaba en catalán. A correspondente nunca matinará en por que ela non pensaba en polaco, pero eu convertíame en nacionalista polo feito de escribir en catalán. O adxectivo e os antónimos: pechado, reduccionista e, en definitiva, non homologábel ás tendencias, etc... O adxectivo: eu son nacionalista... Nin sequera unha mínima evolución de nacionalista. Un escritor alemán que escribe no seu idioma sobre o seu país, ¿é nacionalista por iso? ¿Ousaría colgarlle este sambenito a Günter Grass? ¿Era nacionalista Proust? ¿É nacionalista ir á ribeira do Segre falar coa xente de Mali e os senegaleses que malviven alí? Atopamos ridículas determinadas etiquetas que intentan cualificar a literatura de subordinada a outro elemento, literatura feminista, ecoloxista, pero todo o mundo ten o atrevemento de falar de literatura nacionalista, aplicada ao caso de Catalunya. ¿Nacionalista porque rematarei escribindo isto en catalán despois de telo falado en francés e máis en inglés? ¿Eran nacionalistas os Bulgakov, Steinbeck, García Márquez para describir os avatares dos homes dos seus países ou ben este é un cualificativo que só é axeitado para nacións e linguas pequenas cando constrúen o seu propio relato? Penso mesmo na época franquista e nos escritores que, afastados de aquí, continuaban a escribir, os escritores que tiveron que ir ao exilio. Penso nos que ficaron aquí, coa prohibición de escribir e de publicar en catalán, presos no seu propio país... ¿Ousaría esa correspondente de cualificalos, con menosprezo, como nacionalistas? Se chegamos ao punto que hai que xustificarse, que é preciso demostrar as evidencias, entendo que tamén cómpre dicir ¡xa chega!

Ás veces todo en conxunto convértese en fatigoso porque, sen decatármonos, o tema impónse e xa volvemos estar nel. Querería non me ter que ocupar destes debates eternos e estériles, mais coído que neste país isto é un desexo imposible de cumprir. Fredric Jameson di —e prometo non introducir ningunha outra cita libresca— que toda literatura do terceiro mundo é unha literatura nacional, alegórica, que se intenta explicar a ela mesma a través dos relatos que crea. Pode que si, pero claro, iso en boca de alguén que vive nos Estados Unidos non deixa de ter un certo grado de inconcluso, e así llelo salientaron algúns. Polo tanto poderíamos dicir que hai literaturas que chegan a ter características e connotacións das literaturas do terceiro mundo por causa das forzas que as constrinxen, da herdanza histórica, da falta da saúde ambiental que respiran. Entón, do mesmo xeito, a literatura catalá convértese tamén, aínda que non de todo, senón só en parte, nunha literatura da resistencia, nunha literatura que reflexiona sobre a súa posibilidade de ser, de proxectarse no futuro, de medrar como un ente autónomo que ten algo que ofrecer ás outras literaturas. É dicir que aspira á consecución dun relato de seu que as outras literaturas poidan ler, entender, pensar, incorporar ou rexeitar. Nada que non fagan as outras literaturas, algunhas nun contexto mellor cá nosa, outras nun contexto peor; nada que non tivese que facer o país... Se eu escribise que a literatura ten unha vontade de reconstrución nacional, que en Catalunya iso ten sentido hoxe e que non ten nada que ver co nacionalismo tal e como é descrito tan acotío dende España, aqueles que ían escandalizarse no momento de lelo: ¿Poderían aceptar que se converte tamén ?e entre outras cousas? nunha ferramenta de resistencia? Literaria, obviamente, con sentido estético, con vontade de perdurar e de ser traducíbel a outras literaturas e que, en tanto que se asume a existencia dun terreo dinámico, cheo de rozamentos, de choques e de contrastes, non ten porque ter un carácter bovino senón creador e construtivo, avanzado, e son consciente do valor semántico dos adxectivos... Teño para min que cando se di que as linguas minoritarias (mesmo o léxico traizo: minoritarias, ¿respecto a que?) son pechadas e excluíntes o que se está a expresar é a desiderata de que realmente estean pechadas e excluídas. Teremos que comezar a pensar se non hai un interese real por ocupar ?con calquera excusa e de calquera maneira? un espazo que vive, que pensa, que consome e, aínda máis perigoso, que ten

vontade de perdurar noutra lingua.

Porque, en definitiva, trátase diso... De asumir que o noso campo de xogo non é pequeno, porque a literatura non mide a súa competencia polos quilómetros cadrados nin polos millóns de habitantes; de pensar que non hai só un campo de visión horizontal, paisaxístico, se lle queremos chamar así, senón que ten un sentido que vén ancorado polos mil anos de existencia, que son mil anos de construción de sentido e de necesidade, de centralidade, que para a literatura ten que ser por forza un lugar de partida e de chegada porque, ademais, non hai outra alternativa posíbel, é una cuestión de pura supervivencia.

Remata un segundo ciclo de tres libros e vexo que o tema talvez é o mesmo de sempre, a posibilidade do relato, a posibilidade que contén todos os interrogantes e tan poucas respostas... Els camps de força pecha un percorrido que non deixa de ser iso: volver á casa, onde nacín e volver a andar por lugares que aínda podo recoñecer e polos que xa non están, volver pedirlle á xente por que eu xa non podo falar da miña casa. Saín de alí cando tiña 18 anos e non volvíñ, a vivir. En poucos anos serei tan estranxeiro como calquera outro. De alí de onde son eu gardarei as lembranzas, a paisaxe, as anécdotas, porén xa non será a miña casa. Do mesmo xeito, os libros anteriores tamén deixan de ser meus. Cando remate este segundo proxecto será coma se volvese marchar de aquí. Desde os dezoito anos (agora teño trinta e catro), vivín en dezasete casas diferentes repartidas por sete vilas e cidades. Os dous proxectos que empecei foron como lares que cumpría deixar. Non escribo a palabra casa, eran cabanas, todo provisional en previsión dos cambios que cómpre aceptar. Imposíbel, entón, narrar estes lugares como facía no libro Els ventres de la terra...

Todo muda, outra vez novos escenarios, novos espazos, novos informantes, ton, estilo... As aproximacións a este país, como tal país, sen falsificar o reto, sen ollar de esguello contra o oeste, aceptando que a nación pode ser percibida como normal para alguén que quere escribir, ¿son posíbeis? É unha cuestión práctica, práctica de tan literaria, o sentido de describir o relato é o feito de coñecer mellor o que somos e de facelo intelixíbel aos demais. O caso da correspondente alemá é paradigmático: se non somos nós os que xeramos relatos e discursos, serán outros, mesmo os outros desde aquí e coma se falasen no noso nome. Sería impensábel de todo que a correspondente se atrevese a formular as mesmas preguntas a un escritor francés ou sueco. Levamos vivido, lido e viaxado dabondo para comprobar que tipo de novas sobre Catalunya se están a xerar dende o estado e dende os medios que dependen ou queren depender del, mesmo en Barcelona. Acúsannos a miúdo de vivir nunha ficción e, ás veces, a forza de ouvílo, podemos chegar a ter a sensación que creamos un mundo á nosa medida que contrasta coa realidade fidedigna que pode xerar un estado; que temos escrito a nosa historia sobre a mentira interesada mentres os nosos veciños a construíron dunha soa peza, sen fenda ningunha; que os conceptos de identidade, personalidade ou vontade nacen en Catalunya cunha tara de fábrica que noutros países non existe. As intencións e as finalidades homoxeneizadoras do franquismo ¿que respondían a inercias históricas anteriores? perduran na España democrática con boa saúde e son compartidas por amplos sectores intelectuais, da opinión publicada e daquilo que se chama as dúas españas, a dereita e, con algún matiz, a esquerda. Aínda máis os intereses dos partidos políticos e dos grupos empresariais catalás mesmo provoca que sexa moi complexo situar o debate neses termos.

Por iso, a responsabilidade é dobre (e o distanciamento irónico sobre esta responsabilidade, tamén é dobremente importante). É moi posíbel que a literatura non poida facer moito, é certo, pero, no fondo, ¿hai algunha outra opción? Sabemos que as regras da estética non son as da política e, malia iso, ¿non fixeron todas as literaturas iso mesmo que se pretende facer aquí?, non hai un sentido íntimo que irmanda a moral coa creación? e esta necesidade de narrar e repensar o seu país, ¿non a atopamos en Coetzee, en Pessoa, en Faulkner, en Michon...? É posíbel que o que máis lle doía a quen nos quereda ver sen voz é que haxa unha correlación entre o que se poida facer aquí e as literaturas internacionais... Por iso, tamén os insultos que se aplican á literatura catalá, os adxectivos outra vez, nacionalista, casposa, excluínte, subvencionada e calquera outra cousa que nos poida deshomologar... Teño para min que case teríamos que pedir perdón por escribir.

Con todo e iso, a situación en Catalunya volveuse pouco afagadora. Aí temos nós, obviamente, unha parte de responsabilidade. Atopamos moitas excusas para non mirármonos á cara, porén

hai dúas que preocupan especialmente. En primeiro lugar, a reelaboración en forma de ficción. Hai síntomas preocupantes como o inquietante e sospeitoso auxe que adquiriu nos últimos anos a novela histórica, case paralelo ao dunha memoria histórica de consumo, é dicir á presentación doutras épocas que desvían a ollada de hoxe e aquí. Podería ser outro síntoma a duplicación da realidade frouxa a través dos culebróns, culebróns que enchen boa parte da grella televisiva en catalán e que se converteron na correa de transmisión do status quo político, benintencionado de pouco alcance: a súa presenza continuada fai dubidar de se non será unha maneira de pórle trabas ao pensamento máis ca unha forma de representalo. Por outra banda, o segundo aspecto e máis perigoso é a corrente central de opinión que irmanda tertulianos, periodistas, produtores, políticos e xestores... Quitado raras excepcións (algunhas delas están máis preto do despropósito ca da reflexión), hai unha serie de consensos xeneralizados que impiden que haxa os rozamentos necesarios que deseñen as liñas dunha opinión crítica e cualitativamente aceptable. Os periodistas combinan o ámbito público e privado, os políticos atopan o seu lugar natural nos comités de dirección das empresas do gremio que xestionaran anteriormente, os xestores trasladan a cadeira dun organismo oficial a un museo e a outro, e logo ás direccións dos xornais..., e, mentres, a capacidade crítica e autocrítica do país fronte a calquera cousa que poida acontecer nel é case nula. A capacidade de construción cultural vese tamén afectada por todos estes elementos, e todo é especialmente grave porque o que non se constrúe desde aquí, remata vindo de España: o máis perigoso é que tamén dende o noso goberno e institucións se acepta esta situación e mesmo se lle da cobertura política e ideolóxica. Polo que se refire á política, algúns déronlle en chamar o oasis. Cando se xuntan os medios e o poder económico, da arrepío pensar niso. ¿Podemos escribir, así?

Nese contexto de desencontros, a ficción sofre. O simple feito de pór un espello ou marco, de explicitar o formato de crónica, atribúe a quen o escribe unhas vontades que talvez non teña feito nunca como súas, iso é, que un libro sexa O Libro, que a crónica sexa A Crónica, con maiúsculas, coma se un texto tivese que explicar a totalidade do fenómeno sobre o que se desprega. Chegan a ser tan febles as gradacións do gris que a miúdo non se atopan palabras para matizar calquera proxecto novo. Este é un país afectado pola singularidade, semella que cada eido precise unha persoa e só unha persoa, un libro e só un libro, un formato, un medio, un estilo, unha produtora, unha caixa, un partido... A dualidade parece ser un reto afastado, a pluralidade imposíbel. A multiplicidade de olladas e de discursos roza coa simplicidade das mensaxes que o poder transmite. Pórle un marco á realidade non quere dicir que aquilo sexa a realidade. Todo iso é máis vello ca andar a pé, porén parece necesario repetilo: só hai narracións da realidade e situala diante do lector quere dicir reconstrución, non destrución, aínda que a realidade que se nos presenta non sexa afagadora, acontece que o mundo é esencialmente complexo.

De non ser porque temos historia, porque houbo escritores que viviron épocas diferentes á actual, e cos que podemos dialogar, o problema sería moi grave. Temos sorte de ter autores coma March, Lull, Verdaguer, Pla, Monzó, Bauçà... Sagarra, Ors, Sales e tantos outros... Se os relatos non poden falar con outros relatos, todo o que levan dentro seca, morre. Murchan todas as raíces que buscan outras fontes, outros terreos, raíces que pasan por riba, por debaixo doutras raíces, que se mesturan con outras árbores e chegan ás capas máis profundas do solo... Pero fontes hainas e o país é profundo cando comezamos a buscar na historia literaria do país, as raíces das contradicións que subliño afunden en décadas e máis décadas no tempo. ¿Sabía iso a correspondente alemá? ¿Coñecía a historia do país ou a dos últimos quince anos de Ganduxer? ¿Lera algunha cousa, ademais dos libros publicados polas editoriais en castelán? ¿Que imaxe de Catalunya pode amosar aos alemáns unha persoa que só le en castelán? E nós, ¿é que non soubemos falar ou non tiñamos altofalantes?

Hai oito anos que publico libros e volvo estar onde son eu, en Saidí e en Alcarràs. Todo iso non sei ben como foi, en realidade. Para escribir La força de la gravetat e La matèria primera viaxeí por toda Catalunya e non sabía como ía rematar. Como non sabía ben como poñerme cos libros da triloxía. De igual xeito, con isto tampouco. O campo de traballo desfaiase e vólvese facer constantemente, o que escribín hai tres anos cómpre reescribilo de todo, as notas convértense en fume, todo muda axiña. Os inmigrantes vanse, poucos fican para facer vida e, así, o que dis dun ou doutro non acaba de ter sentido se non o dis de todos, ou de ninguén, ás veces, case parece que fales de pantasmas. O que máis se asemella a un espectro é un home,

as ribeiras do Segre e os palleiros de Saidí están cheos deles. Ademais, eu xa non son de alí onde nacín, hai tanto tempo que estou fóra que o lugar rexéitame coma unha cousa estraña. Sen romanticismos posmodernos, non queirades ver as figuras do desprazamento, da alteridade, do nomadismo nin de ningunha destas enleadas fenomenais. É máis sinxelo, funme de alí e agora xa non nos tratamos coa naturalidade coa que adoitabamos facelo, nin a xente nin os lugares comigo, nin eu cos lugares e coa xente. Temos que repensar constantemente as formas coas que nos enfrontamos á realidade para describila. ¿As nosas institucións matinan sobre o que produce a literatura? ¿Os sucesivos gobernos, teñen proxectos a longo prazo que permitan pensar a política sen a lexislatura? ¿Teñen algo pensado para saber como poden darse a coñecer polos outros conxurando as preguntas da correspondente alemá? ¿ Están interesados niso?

Els camps de força... Agora, nos cadernos teño todo o mundo, de punta a cabo. Entrevistei os senegaleses, e o resto de africanos, gambianos, cameruneses, mauritanos...Alxerianos e marroquinos. Os búlgaros, os ucraineses, os romaneses, polacos e lituanos... Ecuatorianos e chineses... Non sei se con iso chegaría ben, debería chegar dabondo para pasar a cota de tolerancia, cosmopolitismo e abertura que case se me esixe... Claro que para ser aberto e tolerante de todo, talvez tería que escribilo en castelán, o público natural que se supón que tería que ter un libro deste xeito. Porén non. En primeiro lugar porque se trata dun eido excéntrico, afastado...

En segundo, e volvo ao nosoutros que abre estas liñas, porque, en definitiva, os protagonistas, por reflexo, por fondo, por figura interposta, rematan sendo a xente que viviu no Baix Cinca e no Baix Segrià: o relato dos malianos non o poderei explicar nunca, nin sequera sei se me interesa. Se o escribise eu, mentiría. Hai un ano que traballo como profesor nunha aula de acollida. Apréndolles catalán aos fillos que os inmigrantes de Olot fan vir dende o Punjab e dende a China aproveitando as políticas de reagrupamento familiar. Hai máis de vinte anos que empecei a traballar con inmigrantes na recollida da froita. Mentiría, se dixese que podo explicar a súa historia. Falsearía, non podo vestirme coa pel doutro. Non sei que adxectivos son os que máis me acaen, porén sigo a pensar que só saberei escribir sobre nós.

(Traducido do catalá por Lluïsa Soaz)